PLAN DE CONVIVENCIA

O grupo de traballo da "***Educación para a Convivencia. Resolución de conflictos***" que ven traballando desde decembro do 2007, ten realizado as seguintes actividades, despois de solicitar a opinión do alumnado, profesorado e PAS.

1º.- Definición de convivencia e os valores que esa convivencia esixe.

2º.-Diagnose do estado da convivencia do centro coa elaboración de listados que recollen problemas de convivencia entre calquera dos sectores da comunidade educativa.

3º.-Posibles solucións para eses conflictos.

4º.- Outras actividades como:

- Programar e coordinar as actividades de Entroido, que se realizaron o día 1 de febreiro de 2008.
- Charlas abertas a toda a comunidade educativa sobre mediación escolar impartidas polo grupo de mediadores do I.E.S. Carlos Casares de Viana do Bolo (13 de febreiro de 2008), e a que se impartirá no I.E.S. Val do Asma de Chantada os días 27 e 28 de febreiro de 2008, para falar de mediación e Plan de convivencia.

Todo o esforzo realizado por este grupo de profesores/as permitirá ter no centro persoal formado para poder elaborar o **Plan de Convivencia** do centro, e así cumplir o esixido no ***Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia***

BIBLIOTECA ESCOLAR

Rematouse a catalogación dos fondos adquiridos coa asignación do Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares, en total 217 volumes entre libros, DVDs e discos de música.

Co gallo da visita de An Alfaya o 22 de xaneiro e de Blanca Álvarez o 1 de febreiro, dúas autoras das que se len libros nas materias de Lingua Galega e castelá, elaboráronse dúas exposicións no **centro de interese** e dúas guías de lectura cos títulos que temos na Biblioteca escolar. Estas guías están a disposición de toda a comunidade educativa na biblioteca e na páxina Web do centro.

Para facilitar a comprensión da organización dunha biblioteca e a busca dos fondos nela, está colocada na entrada da sala de lectura un cartel explicativo da *CLASIFICACIÓN DECIMAL UNIVERSAL*, coa margarita na que se asigna a cada materia unha cor.

O 30 de xaneiro conmemoramos o **día da paz** coa actividade "***globos da paz***" expoñendo nun panel no que se representaba ao planeta terra como un globo aerostático, realizado polo departamento de *Debuxo*, as aportacións do alumnado (frases, poemas, ilustracións, fotografías etc...). O noso agradecemento ao departamento de Debuxo polo seu traballo, e ao de Relixión e Ciencias Sociais por animar ao alumnado a participar.

Na celebración do día de San Valentín, o 14 de febreiro, volveu realizarse a actividade de ***Cupido en folga***, cunha exposición de poesías de amor na entrada do instituto.

Anunciamos que chegou unha nova asignación para adquisición de fondos para a biblioteca escolar, de 1.220 €, coa que seguiremos completando as peticións dos departamentos na medida do posible. Se alguén quere facer algunha suxestión pode facelo aos membros do equipo da biblioteca.

Tamén seguimos traballando na elaboración do Plan Lector, do que serán pasadas unhas enquisas sobre hábitos lectores coa fin de definir as necesidades da nosa comunidade educativa, para o que vos pedimos a vosa colaboración.

Recordamos a todo o profesorado que o equipo da biblioteca estará encantado de colaborar en calquera actividade de animación e fomento da lectura, e de educación en habilidades informacionales, sempre que nos avisedes con tempo para poder preparalas.

BOLETÍN INFORMATIVO Nº 5

Febreiro—2008

Salón de actos

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

R.\ Alférez Baanante s/n
27500 - Chantada (Lugo)
Telf.: 982 440 551 – Fax: 982 440 912
e-mail: ies.lama.quendas@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/ieslamaquendas

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CALENDARIO DAS REUNIÓNS DA SEGUNDA AVALIACIÓN

Día 11 de marzo de 2008:

HORA	NIVEL/GRUPO	LUGAR
de 16:30 a 17:10 h.	1º B E.S.O.	Informática 1
de 17:10 a 17:50 h.	1º C E.S.O.	Informática 1
de 17:50 a 18:30 h.	1º A E.S.O.	Informática 1
de 18:30 a 19:10 h.	2º B E.S.O.	Informática 1
de 19:10 a 19:50 h.	2º C E.S.O.	Informática 1
de 19:50 a 20:30 h.	2º A E.S.O.	Informática 1

Día 12 de marzo de 2008:

HORA	NIVEL/GRUPO	LUGAR
de 16:30 a 17:10 h.	3º B E.S.O.	Informática 1
de 17:10 a 17:50 h.	3º C E.S.O.	Informática 1
de 17:50 a 18:20 h.	3º D E.S.O.	Informática 1
de 18:20 a 19:00 h.	3º A E.S.O.	Informática 1
de 19:00 a 19:40 h.	4º B E.S.O.	Informática 1
de 19:40 a 20:10 h.	4º C E.S.O.	Informática 1
de 20:10 a 20:50 h.	4º A E.S.O.	Informática 1

Día 13 de marzo de 2008:

HORA	NIVEL/GRUPO	LUGAR
de 16:30 a 17:10 h.	1º B Bac.	Informática 1
de 17:10 a 17:50 h.	1º A Bac.	Informática 1
de 17:50 a 18:30 h.	2º B Bac.	Informática 1
de 18:30 a 19:10 h.	2º A Bac.	Informática 1

Aclaracións:

- En beneficio de todos/as, prégase puntualidade.
- O profesorado debe reflectir as notas da súa materia na aplicación XADEWEB, deste xeito o/a profesor/a titor/a poderá facer copias da actilla e entregalas na xunta de avaliación. Para facilitar a tarefa, débese facer antes das 14:15 horas do día anterior sinalado para a sesión de avaliación.
- As notas serán entregadas polos/as titores/as a partir das 14:00 horas do venres 14 de marzo de 2008.

Avaliación E.S.A. - NIVEL III - Módulos III/IV

1ª Avaliación: Xoves 13 de marzo 2008

- **Módulo III**: 16:00-16:20
- **Módulo IV**:16:20-17:00

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

ACORDOS DO CLAUSTRO DE PROFESORES/AS

No Claustro de Profesores/as celebrado o día 21 de febreiro de 2008 aprobáronse os seguintes puntos:

Atención educativa ao alumnado que non opte por ensinanzas de relixión

O alumnado da E.S.O. que non opte por as ensinanzas de *Relixión Católica* nin de *Historia e Cultura das Relixións* poderá realizar algunha das seguintes actividades: Debates sobre temas de actualidade., actividades para o fomento da lectura, xogos lúdicos-educativos, proxección de películas, actividades de comprensión lectora, expresión oral e escrita.

A devandita atención non é avaliable e en ningún caso comportará a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a calquera materia da etapa.

O profesorado que se encargará desta atención educativa será designado segundo as necesidades organizativas do centro e poderá pertencer a calquera departamento. Este profesorado poderá propoñer calquera outra actividade sempre que cumpra as condicións anteriores e sexa aprobada polo claustro de profesores e profesoras, e polo Consello Escolar, e non vaia en contra da lexislación vixente.

Criterios xerais sobre promoción-titulación na E.S.O.

Promoción: O alumnado, unha vez realizadas as probas extraordinarias, promocionará ao curso seguinte cando supere os obxectivos de todas as materias cursadas, ou ben teña unha ou dúas materias con avaliación negativa.

Titulación: O alumnado que ao terminar a educación secundaria obrigatoria superase todas as materias e alcanzase as competencias básicas e os obxectivos da etapa obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Tamén poderá obter o dito título aquel alumnado que, unha vez realizadas as probas extraordinarias, finalice a etapa con avaliación negativa en unha ou dúas materias como máximo.

O alumnado que curse programas de diversificación curricular obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria se supera todos os ámbitos e materias que integran o programa. Así mesmo, poderá obter o mencionado título aquel alumnado que, tendo superado os dous ámbitos, teña avaliación negativa en tres materias como máximo.